



Sede Afundación
A Coruña

afundacion.org

//Afundación
Obra Social ABANCA

O edificio da Sede Afundación na Coruña, un proxecto do arquitecto británico Nicholas Grimshaw, achega unha obra vangardista ao patrimonio arquitectónico da cidade e de Galicia e completa a fisionomía do Cantón Grande permitindo, grazas a un enorme corredor interior, que o propio inmobile funcione como vía de conexión entre a rúa da Estrela e os Cantóns. O seu deseño aseméllase á crista dunha onda mariña internándose nos Cantóns e rompendo nunha fachada de cristal retroiluminada; supón unha reinterpretación das características galerías da Mariña. Este edificio, xa coñecido como a *A onda de cristal*, combina dous materiais —o pétreo, de longa tradición na arquitectura galega, e o metálico— con gran plasticidade, outorgando protagonismo á luz cenital.

Concibido como centro sociocultural de referencia, nos seus máis de 7000 m², cunha orixinal distribución, dispón de espazos ben equipados para a celebración de exposicións, espectáculos, simposios, conferencias e un amplo abano de actividades e obradoiros; ademais, o centro conta con cafetería propia.

O Royal Institute of British Architects (RIBA) concedeu en 2006 a esta construción un dos premios European Awards, que distingue o traballo realizado por membros do RIBA en todo o mundo. Trátase dun edificio 100 % accesible e que obtivo as certificacións ISO 14001 e EMAS.

A Sede Afundación, xestionada por un equipo de excelentes profesionais con ampla experiencia na organización de actos, é un lugar único para celebrar de xeito exitoso os seus eventos e xuntanzas de traballo.

Auditorio

Situado nos andares -2 e -3, o auditorio é o maior dos espazos dispoñibles, conta cunha distribución en dous niveis e un escenario de 27 m². Dispón duns coidados acabados e prestacións tecnolóxicas para a idónea celebración de calquera acto: congresos, convencións, conferencias, mesas redondas, reunións de empresa, concertos e espectáculos escénicos de pequeno formato.

Capacidade: 280 butacas + 3 localidades para persoas de mobilidade reducida

Medios técnicos:

- Proxector Christie (13 000 lumens), pantalla 252"
- Microfonía sen cables (de petaca ou de man), gravación de actos en vídeo, DVD, sistema de amplificación en toda a sala
- 7 mesas para relatores con monitor, micro e conexión VGA e HDMI para portátiles
- Atril con micro
- Sistema de tradución individual integrado nas butacas
- Cascos de tradución, microfonía integrada nas propias butacas
- Patch de prensa
- DVD reprodutor, reprodutor de CD/ mini Disc
- Dispoñibilidade de ordenadores, tanto portátiles como de sobremesa



Sala de Prensa - Conferencias

Emprazada no anexo do baixo do edificio auxiliar, supón un espazo moi acolledor, elegante e ben equipado, idóneo para presentacións aos medios, cursos ou seminarios.

Capacidade: 42 butacas (posibilidade de ampliar ata 50 prazas)

Medios técnicos:

- Proxector Sanyo XP572 (5000 lumens), pantalla 144"
- Patch de prensa
- Conexión para 1 portátil na mesa de relatorios, microfonía amplificada
- Monitores nas mesas de conferenciantes, PC de escritorio ou portátil
- Microfonía sen cables (de petaca ou de man), sistema de videoconferencia
- Microfonía integrada nas propias butacas
- Reprodutor CD, mini Disc, DVD reprodutor



Sala Multiúsos

Espazo versátil e funcional de 180 m², situado no soto primeiro do edificio, configurable para actos de diferente indole coma conferencias, concertos e servizos de catering.

Capacidade: 80 prazas en formato conferencia e ata 150 persoas en formato libre (sen cadeiras)

Medios técnicos:

- Mesa de son con altosfalantes, 2 micros de lapis
- Microfonía sen cables, proxector Nec (4000 lumens)
- Ordenador portátil con wifi, DVD
- Mesa de conferenciante (máximo 3 relatores),
- Alto de 50 cm de 4 x 2 m, 8 carrís de 50 cm de 4 x 2 m



Sala de Exposicións 3º andar

Esta sala, situada no terceiro andar do edificio, é un espazo ideal para exposicións de arte. O lugar en si mesmo é unha auténtica escultura cun deseño moi orixinal e vangardista.

Trátase dun espazo luminoso e amplo, cunha altura espectacular que se corresponde a dous andares. Grazas ao cubo xeométrico que se eleva no centro da sala, pódese gozar de distintas perspectivas e volumes das obras expostas.

A sala alberga continuamente importantes exposicións de pintura, fotografía ou escultura, mais tamén outro tipo de actividades como pequenas representacións escénicas e musicais ou salón para caterings.



Tarifas

Salas	Desde
Auditorio	500 €
Sala de Prensa	150 €
Sala Multúsos	175 €
Sala de Exposicións (3º andar).....	consultar

Prezos sen IVE

Tarifas gratuitas para entidades sen ánimo de lucro de acción social, previa solicitude e valoración.

Cantón Grande, 8
15003 A Coruña
981 185 060
socioculturales@afundacion.org
afundacion.org

//Afundación
Obra Social ABANCA